



En abril de 2016 apróbase a **Lei de patrimonio cultural de Galicia** no Parlamento galego que otorga ao **Camino de Inverno** a oficialidade, e polo tanto, equipárao ás demais rutas xacobeas xa existentes. Esta oficialidade entrou en vigor en agosto de 2016 e supón o paso definitivo para o recoñecemento dunha ruta histórica e cultural percorrida desde os tempos do medievo.

O Camino de Inverno é unha máis das rutas de peregrinación a Santiago, pero a súa peculiaridade é que foi a ruta elixida por moitos peregrinos medievais para entrar en Galicia, sobre todo na época invernal, evitando así os cumios nevados do Cebreiro e as conseguíntes dificultades que a neve e a friaxe conlevan, amais da dificultade orográfica.



Unha das entradas do Camino de Inverno nas terras lucenses, é a que despois de deixar a vía romana XVIII, na Rúa de Petín segue o curso do río Sil para entrar nas terras do Val de Quiroga seguindo unha antiga vía romana secundaria que nalgúns treitos aparece ocupada por vías de comunicación modernas.

O camiño entra entre as casas da aldea de **Alvaredos**, deixando á dereita unha almazara aínda en funcionamento. Para evitar o asfalto, poderemos iniciar a andaina no lugar de San Martiño, aldea que conserva magníficos exemplos da arquitectura popular, e seguir ata A Fraga Furada, onde se xunta co Camino de Santiago. Calquera dos dous treitos, ben dende Alvaredos ou ben dende San Martiño,

lévanos a **Montefurado** onde podemos contemplar o espectacular túnel escavado polos romanos para desviar o curso normal do río e extraer o ouro que arrastraba, dando nome non só ao mesmo, senón a aldea que atravesamos que conserva a fonda pegada da arquitectura tradicional. Tamén atopamos aquí a **Igrexa Parroquial de San Miguel**, construída a mediados do século XVIII. Desde Montefurado iniciamos a subida en medio das arxilas roxizas das **minas a ceo aberto** que os romanos explotaron para obter o ouro que contiñan e que aínda hoxe conservan moitos dos seus primitivos elementos. Subimos ata o lugar de **Ermidón** entre árbores froiteiras e oliveiras, para cruzar despois unha zona de soutos e viñedos para chegar as aldeas abandonadas da **Venda Vella e a Venda Nova** e baixar despois ata a **Capela das Farrapas**, denominación que é posible que faga referencia ao lugar onde os camiñantes se desfacían dos seus farrapos. Facendo conxunto coa capela podemos atopar unha almazara en funcionamento. Aquí o camiño vello pérdese baixo as modernas vías de comunicación e tomamos como alternativa a ruta que nos leva ata o lugar de **Bendilló**, pasamos ao carón da súa **Igrexa Parroquial** e entre oliveiras iniciamos unha pronunciada baixada seguida dunha corta subida ata a estrada que conduce a **Bendollo** e dende alí baixamos cara o lugar de **Ponte Soldón** para dirixirnos a aldea de **Sequeiros**. Estes dous pequenos núcleos rurais, asentados na ribeira do río Sil, conservan todo o sabor da arquitectura popular da zona. Desde aquí, cruzando por un túnel baixo a N-120, iniciamos o ascenso que nos leva ata a aldeas dos **Novais** e o **Castelo** e aquí atopamos os restos do **Castelo dos Noaves** onde tiveron a súa primeira residencia no século XIII os comendadores da orde de **San Xoán de Malta**, que tiñan entre outros cometidos o de asistir aos peregrinos que percorrían este camiño. Aínda que o conxunto está en ruínas podemos ver sobre o arco de acceso ao pazo da Encomenda a Cruz de Malta. O camiño continúa coa baixada ao regato do Castelo e atravesa por unha ponte de pedra dun só arco e forte sabor medieval, para dirixirse a aldea de **Caspedro**. Nesta vila hai unha fonte coa inscrición: “Caminante bebe y apaga tu sed”. Desde aquí o camiño segue polo Pazo Vello ata **Quiroga**. Non obstante, a máis antiga das alternativas da ruta, iría desde Caspedro a San Xulián de Arriba ata **Hospital**, que foi priorado da Orde de San Xoán de Malta e que din toma o seu nome da existencia neste lugar dun hospital para peregrinos. Aquí atopouse a acta de defunción dun peregrino que se dirixía a Compostela. Mención especial merece en Hospital o seu **conxunto monumental e a igrexa de San Salvador**. O segundo paso desta alternativa é a **Vergaza**, aldea á que se accedería primitivamente pola desaparecida Ponte Pedriña que permitía cruzar o río Quiroga. Atravesamos este lugar para dirixirnos cara a **Ermida** polo alto de San Roque. Neste punto os primitivos cristiáns galegos levantaron sobre un asentamento castrexo a **Igrexa dedicada á Nosa Señora dos Remedios**. O camiño que baixa pola zona coñecida como Regueiral, déixanos novamente na Vila de **Quiroga**. O camiño sae de Quiroga polo barrio de “A Patrona” para continuar pola beira dereita do río Sil atravesando as localidades de **A Robleada, Espandariz** e despois de pasar baixo a estrada N-120, **O Pontido e Nocedo**. Desde San Lourenzo de Nocedo o camiño inicia unha suave subida cara a **Montaña do Lor** rodeado de piñeiros e con vistas do Val do Sil pola antiga estrada que conducía a Monforte ata o lugar onde se atopan as ruínas do lugar coñecido como **o Cereixal** de onde parte unha pista forestal que nos levará a atravesar o cordal da **serra do Aldriz** cara o val do río Lor. A ruta chega primeiro a **ermida dos Remedios** e logo a **Carballo do Lor**. Esta foi unha aldea con bastante movemento dentro da ruta, testemuña deste movemento foi a existencia dun mesón onde repousarían homes e animais. Aínda hoxe se poden contemplar as argolas nas que se amarraban as bestas na fachada da construción que ocupou. Dende aquí a baixada continúa pola **Trampilla** e o **Xanelo ata Barxa do Lor**, lugar de emprazamento da ponte medieval pola que se atravesa o río Lor cara á Pobra do Brollón e Monforte.